

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Fonte de María González

Un día chegou unha muller ao municipio de Cervantes (Lugo), dise que procedente dalgún lugar de Asturias. A toda persoa que atopaba no camiño lle preguntaba se coñecía unha fonte de poderes milagreiros que lera nun pergameo moi antigo. Mais ninguén soubo darlle resposta. A muller, enferma e case ao bordo da morte, chegou ao Piornedo. Foi alí onde un veciño lle dixo onde estaba, mais advertíndoa de que non se quedara no lugar de noite, xa que podía morrer de frío ou ser devorada polos lobos. Pasou un día, e outro... e a muller non daba sinais de vida. Mais ao noveno día, os veciños víronna baixar polo mesmo camiño que percorrera días antes. O seu aspecto xa non era o dunha muller moribunda, a cor da vida retornara ao seu lívido rostro. Cando chegou xunto aos habitantes do Piornedo, contoulles que se bañara na fonte nove veces ao día durante os nove días que permanecera no lugar, e que o último unha nube negra baixou do Corno Maldito, un monte lindeiro coa provincia de León e situado a 1.849 metros de altitude sobre o nivel do mar. Cando a envolveu a nube, dos seus peitos manou un sangue negro e fedorento. Mais, de súpeto, a nube desapareceu como tragada pola auga do manancial. Cando a muller mirou para os seus peitos, viu que cada un tiña unha cicatriz que é por onde se fora o terrible mal. Dende aquel suceso, a fonte chámase de María González. [Texto de Xabier Moure Salgado. Setembro de 2011]

"A fonte de María González" CONTADA por Avelino González ([vídeo](#))